

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión ORDINARIA do Pleno da Corporación que se celebrará o vindeiro **XOVES, día 14 de XANEIRO /2021 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora.

A sesión terá lugar no **Salón da Casa da Cultura**, de forma extraordinaria e como consecuencia da adopción de medidas de prevención contra a COVID-19, por tratarse dun espazo máis amplo e ventilado. Circunstancia suficientemente xustificada de conformidade co disposto no artigo 85.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais , aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

- 1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión: 03.12.20 (Ordinaria).
- 2º.- Aprobación da incorporación das rúas do casco urbano de Valdoviño e os seus números ao sistema integrado de numeración de Valdoviño.
- 3º.- Licitación servizos mantemento alumado público e das instalacións eléctricas das dependencias municipais e outros traballos eléctricos mediante procedemento aberto harmonizado.
- 4º.- Asignación e recoñecemento de adicación exclusiva á Alcaldía.

II) CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

- 5º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes de novembro de 2020.
- 6º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregarase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE